

# A mochila de Alba

Nada mellor que sementar o misterio e a intriga para manter o interese e captar a atención dos nenos, nada mellor que unha linguaxe sinxela e coidada para facer amena e atractiva a lectura. Dous aspectos estes que Fina Casalderrey ten claros á hora de escribir: tendo presente o público ao que vai dirixido o texto trata aos seus lectores cunha extraordinaria madurez.

Pois ben, *Un misterio na mochila de Alba*, novela que Planeta & Oxford vén de publicar na serie laranxa da súa colección “Camaleón”, non é allea a esta concepción.

Despois de moito camiñar Alba chega a unha casa abandonada e decide que ese será o seu fogar. Como equipaxe leva unha mochila de cor cereixa, complemento do que nunca se separará e do que obterá todo aquilo que precisa para ser feliz. Nin o mal estado no que se atopaba a deshabitada e vella casa do río, nin a presenza de aves nocturnas, nin as murmuracións dos veciños, nin a escaseza de alimentos serán trabas para que Alba se atope a gusto “abóndalle con abrir a boca daquela mochila e escudriñar no seu interior para fabricar a felicidade”. Mais



tal  
com -  
p or t a -  
mento pro -  
duce nos de -  
mais unha certa inquietanza, ata  
punto de que Antón, Marcial e  
Lucía non dubidan en argallar

*Con amenidade  
e didactismo*



MARÍA NAVARRO

toda clase de plans para coñecer cal é o contido da misteriosa mochila.

Diríamos que dende o comezo todo se enche de misterio: a chegada a unha casa abandonada, o comportamento estranxo da rapaza, o contido da mochila... e dende aí capta a atención dos lectores, logo dulcifica a expresión enchendo de maxia os movementos da nena e poñendo na súa boca temeros poemas acerca da realidade que a rodea. Non cabe, daquela, outra interpretación ca de que nos atopamos ante un ser doutro mundo que por algunha razón veu á terra para amosar que é preciso valorar o que un ten, que a maioría dos bens materiais que posuimos non son necesarios ou que a auténtica felicidade está no interior de cada un.

Logo para facer a historia real, a autora introduce personaxes e actuacións propiamente humanos para conferirlle verosimilitude ao relato. E o resultado é un ameno texto que pecha un interesante didactismo.

CASALDERREY, Fina, *Un misterio na mochila de Alba* (ilustr. X. López Domínguez), Ed. Planeta&Oxford, Barcelona, 2005, 68 páxinas